

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En data 26 de agosto de 2025 incoase procedemento de concesión de subvencións outorgadas ás entidades en réxime de concorrancia, en concreto a convocatoria das subvencións municipais para ás comisións de festas populares, tradicionais e gastronómicas do Concello de Meis para o ano 2025.

Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito número 3216 na aplicación orzamentaria 2025/334/48004 polo importe de 5.500,00 euros, polo concepto "*Subvencións ás Comisións de Festas Populares, Tradicionais e Gastronómicas do Concello de Meis*".

Mediante Decreto da Alcaldía número 2025-0505, de 28 de agosto de 2025, aprobase a convocatoria e as bases específicas das subvencións, por procedemento de concorrancia competitiva, para as comisións de festas populares, tradicionais e gastronómicas do Concello de Meis para o ano 2025.

Con data 28 de agosto de 2025 procedese a rexistrar as bases e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para a posterior publicación dun extracto de convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 166, de data 2 de setembro de 2025.

Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, vistas as solicitudes presentadas, a Comisión de avaliación en data 06.11.2025 formula proposta de resolución provisional, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e adicionalmente na páxina web municipal, aos efectos de que as entidades solicitantes, por medios electrónicos e nun prazo non superior a 3 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, puidesen presentar as alegacións que estimasen procedentes.

Durante o precitado prazo, a Asociación San Martiño de Meis, con C.I.F. número G94185139, con rexistro de entrada número 2025-E-RE-1418, de data 10.11.2025, presenta escrito de alegacións, solicitando a modificación do importe asignado. A Comisión, unha vez revisada a documentación que figura no expediente, entende que a festa realizada pola Asociación no terceiro día carece de actuación musical propia, limitándose a un evento de natureza relixiosa. Por este motivo, propón desestimar a alegación presentada.

Examinadas as alegacións presentadas, a Comisión de avaliación de data 12.11.2025 formula proposta de resolución definitiva.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13.11.2025, resolveuse conceder subvencións ás Comisións de Festas Populares, Tradicionais, e Gastronómicas do Concello de Meis para o ano 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 2025/334/48004, tendo en conta ás solicitudes presentadas dentro do prazo establecido que contaban coa documentación esixida nas bases da convocatoria.

Visto que a normativa reguladora das subvención públicas establece que o pago da subvención realizarase previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, de tal forma que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrancia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención municipal adxunta número 2025-0159, de data 18 de decembro de 2025, sobre a conta xustificativa achegada polos distintos beneficiarios da subvención, no que se conclúe que “(...) a documentación achegada polos distintos beneficiarios da subvención, en termos xerais e coas apreciación recollidas no presente informe, reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora”.

Quedando acreditado no expediente administrativo a completa execución do fin para o que se concedeu a subvención, e constatando no expediente en cada caso as declaracións e documentos con validez no tráfico mercantil xustificativos dos gastos por importe igual ou superior aos das subvencións concedidas.

Comprobada a existencia de crédito axeitado e suficiente.

Visto o disposto no artigo 185.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 60.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga, competencia que para este gasto corresponde á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis, ou por delegación á Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía no exercicio das súas competencias **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía 2023-0539, de data 13/07/2023.

SEGUNDO.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida as seguintes entidades, confirmándose a subvención inicialmente concedida :

RELACIÓN DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS CON APROBACIÓN TOTAL DA CONTA XUSTIFICATIVA

C.I.F.	ENTIDADES
G94170362	Asoc. Veciñal e Cultural San Tomé
G36499275	Asoc. de Festas Pé Redondo
G36184794	Asoc. Cultural San Gregorio
G94185139	Asoc. San Martiño de Meis
G94151321	Asoc. Cultural 1º. De Maio San Xosé Obreiro
G36425254	Asoc. Cultural Los Dolores de San Vicente-Meis
G36497485	Comisión de Festas Santa María de Armenteira
G94175965	Asoc. Monte de Casa
G36462869	Asoc. Cultural A Croa

TERCEIRO.- Recoñecer unha obriga e ordenar o pago en concepto de “subvencións municipais para as comisións de festas populares, tradicionais e gastronómicas do Concello de Meis para o ano 2025” a favor dos beneficiarios, con cargo as aplicacións e polas cantidades que a continuación se indican:

C.I.F.	ENTIDADES	IMPORTE €
--------	-----------	-----------



G94170362	Asoc. Veciñal e Cultural San Tomé	450,00
G36499275	Asoc. de Festas Pé Redondo	450,00
G36184794	Asoc. Cultural San Gregorio	650,00
G94185139	Asoc. San Martiño de Meis	450,00
G94151321	Asoc. Cultural 1º. De Maio San Xosé Obreiro	650,00
G36425254	Asoc. Cultural Los Dolores de San Vicente-Meis	450,00
G36497485	Comisión de Festas Santa María de Armenteira	650,00
G94175965	Asoc. Monte de Casa	650,00
G36462869	Asoc. Cultural A Croa	250,00

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao departamento de Secretaría-Intervención e Tesourería do Concello aos efectos oportunos.

QUINTO.- De conformidade coas bases que rexen a convocatoria, dispónse a publicación da presente Resolución na páxina web do Concello de Meis e no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, aloxado na sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>). Segundo o establecido polo artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dita publicación substituirá á notificación fornecendo os mesmos efectos. Igualmente darase publicidade a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEXTO.- O presente acto esgota a vía administrativa conforme ao previsto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en consecuencia e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, fronte a este acto poderase presentar: potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, ante o mesmo órgano que o ditou, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Pontevedra. Transcorrido o primeiro prazo dun mes, unicamente poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo sen pasar o prazo de dous meses indicado. Con todo, a interposición do recurso potestativo de reposición non suspenderá por si mesma a execución do acto impugnado, sen prexuízo da súa solicitude ou estimación de oficio conforme ao disposto no artigo 117.2 da citada Lei 39/2015. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que estime pertinente.

SÉTIMO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa– Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

